

BANDO

D. JOSÉ A. EIRAS PAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que a Consellería de Traballo e Benestar. Aprobou o **PROGRAMA DE TURISMO SOCIAL 2010** para persoas maiores coas seguintes quendas: **TURISMO TERMAL , DE INTERCAMBIO E DE PRAIA.**

Para poder ser **beneficiario** deste programa, deberase reuni-los seguintes requisitos:

- Ser maior de 65 anos ou ser maior de 60 anos e pensionista.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non padecer trastornos mentais graves, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
- Poder valerse por si mesmo.
- Así mesmo poderán ir acompañados dos seus cónxuxes ou os que acrediten análoga á conyugal.

Aquelas parellas que celebren as súas **VODAS DE OURO** só terán que aboa-lo 50% do custo da praza.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

◆ ANTES DO 10 DE ABRIL.

DOCUMENTACIÓN QUE TEÑEN QUE APORTAR:

*D.N.I. do solicitante, e no seu caso do conxuxe, e libro de familia, no caso de vodas de ouro.

Tódalas persoas que desexen máis información e face-las correspondentes solicitudes poden dirixirse as oficinas do Servizo Municipal Comunitario do Concello de 9 a 13 horas os días de atención ó público, luns, martes e xoves.

O que se comunica para xeral coñecemento.

Moraña, 18 de Marzo de 2010

O ALCALDE

Asdo. JOSÉ A. EIRAS PAZ